

**FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL
COMISIÓN TRIPARTITA**

ACTA Nº 1

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente
Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de
Recursos Humanos
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de
PAS

Redacción de acta:
Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS

Comité de Empresa de Ourense

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)
José M. García Eirín (CIG)

Comité de Empresa de Pontevedra

Marcos Estévez Orge, Presidente (CCOO)
Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)
Federico Fernández Fernández (CIG)
Manuel Marcos García (CCOO)
Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Xunta de Persoal funcionario de administración e servizos:

Xoán Cebro Rodríguez (CIG), Presidente da
Xunta do PAS
Miguel Ángel Cabañas Díaz (UGT)
Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)
Benedicta Expósito González (CIG)
Mónica Méndez López (UGT)
María José Ríos Santomé (CIG)

Os membros da Universidade de Vigo relacionados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 09:30 horas do día 11 de marzo de 2016, no edificio da Xerencia coa seguinte


ORDE DO DÍA

1. Constitución da comisión tripartita de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Os representantes dos Comités de Empresa do persoal de administración e servizos (en adiante PAS) laboral, da Xunta do PAS funcionario e da Xerencia acordan constituírse como comisión tripartita para negociar a funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo.

2. Presentación da proposta de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

O Vicexerente entrega o documento para a funcionarización do PAS laboral (que se achega a esta acta) e pasa a explicalo. O punto de partida está no acordo de mínimos acadado cos Comités de Empresa nas



reunións previas e os aspectos esenciais son: o carácter voluntario para cada traballador, o cadro das equiparacións en base aos traballos de homologación, a garantía dos dereitos económicos de todos os que opten por funcionarizarse e o procedemento de acceso. Sinala que é un documento sinxelo centrado nos aspectos esenciais do procedemento, que baixo o sistema de oposición, prevé facilitar a preparación do exercicio, impartindo a formación necesaria. É un traballo que resulta de analizar outros procesos similares seguidos en universidades e administracións locais, adaptándoo á Universidade de Vigo.

Considera que necesitarán un tempo para estudalo en detalle, polo que propón que a seguinte reunión teña lugar despois de semana santa, pedindo que se teñen suxestións de tipo estratéxico, as fagan chegar antes para que dea tempo a trasladalas ás outras partes e poder analízalas antes desa reunión. Tamén considera conveniente establecer a folla de ruta tendo en conta a simultánea negociación das RPTs do PAS laboral e funcionario.

Explica as cuestións básicas da proposta: finalidade, proceso selectivo, efectos da funcionarización, garantías retributivas e anexos, fundamentais porque reflicten a equiparación entre a RPT laboral e a funcionaria, entre grupos e categorías laborais e subgrupos e escalas funcionarias, tomando como referencia a estrutura actual de ambos colectivos.

José M. García Eirín pregunta se están incluídos os complementos de xornada en sábados, domingos e festivos.

O Vicexerente responde que está pendente de concretar, incluíndo tamén o persoal do animalario.

O Presidente da Xunta do PAS quere coñecer a folla de ruta; na súa opinión o primeiro paso sería a equiparación de grupos e as equivalencias; o segundo as directrices para a funcionarización, pódense facer exames, cursos e exames, que poderían versar sobre o curso que se celebre cunha avaliación continua; o terceiro, a RPT do PAS laboral, cada quen está no seu posto e se fai a homologación cos funcionarios. Para a Xunta de PAS o proceso sería aprobar nesta comisión unhas bases de funcionarización, logo a aprobación da RPT laboral e despois negociar a RPT do PAS funcionario única. No documento chámalle a atención o réxime retributivo, porque cre que o Consello de Goberno pode aprobar os complementos retributivos e os niveis mínimos; preocúpalle que se diga que se vai sacar o complemento de antigüidade como leu nas actas de negociación co PAS laboral. Sería absurdo que coa funcionarización se perdesen dereitos retributivos, hai que adecuar os complementos retributivos, non facer complementos ad hoc.

O Presidente do Comité de Empresa de Pontevedra (CEPO) indica que na última reunión se dixo que non ía a haber problema en manter o complemento de antigüidade.

O Vicexerente sostén que nin a Xerencia nin o Equipo de Goberno pretenden modificacións en relación ao C. de antigüidade; por outra parte, sinala que a Xerencia propón asinar un acordo base para a funcionarización, considerando precisamente a simultaneidade coas negociacións das RPT do PAS laboral e funcionario, mesmo coa previsión de que a Xunta do PAS solicite realizar un concurso de méritos antes de rematar a funcionarización, e negociando con ela a RPT única e final do PAS funcionario, na que se integrarían ambas.

O Presidente do CEPO considera que están nun momento histórico da universidade, ante a posibilidade de que máis de 300 traballadores podan optar por cambiar o seu vínculo de laboral a funcionario, algo do que xa se falaba en 2007 ao asinar o convenio colectivo e que se leva pedindo moitos anos. Coincide na necesidade da folla de ruta e comenta que os comités deben examinar a proposta entregada e facer as suxestións e valoracións que correspondan para seguir avanzando nesta negociación.

O Presidente da Xunta do PAS considera convinte quitar do documento o anexo I, xa que se tería que facer nunha RPT laboral negociada entre os Comités de Empresa e a Xerencia, así se saberían as equivalencias, non tendo sentido agora porque condicionaría a negociación da RPT laboral, e non é materia da Xunta de



PAS; sería mellor deixar estas reunión da mesa tripartita ata que haxa unha RPT laboral e logo o proceso sería máis sinxelo.

Alejandro Cadabón indica que a Xunta de PAS non acordou nada sobre este asunto.

O Presidente da Xunta de PAS responde que se tomou nunha reunión á que el non asistiu.


Carlos Mollinedo expresa o seu acordo co Presidente da Xunta de PAS en que primeiro hai que negociar a RPT laboral, logo analizar a lei e a problemática dos TM de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns e ver que prazas se aproban na RPT.

O Vicexerente expresa que, como sempre, a Xerencia presenta un documento de partida, un documento para negociar. Os anexos reflicten a situaci3n real actual, o Convenio colectivo, a RPT e o acordo asinado hai uns meses. De considerarse que non deben ser suprimidos a Xerencia est3 receptiva a escoitar as raz3ns e a analizalo. Loxicamente, as RPTs teñen a s3a propia negociaci3n e o que nelas se acorde reflectirase no acordo de funcionarizaci3n, algo coherente co principio da Xerencia de que o proceso de funcionarizaci3n non 3 a v3a nin pode utilizarse para obter melloras salariais. Do manifestado ata agora nesta reuni3n, ten a sensaci3n de que hai acordo sobre gran parte do documento.

O Presidente da Xunta do PAS dirix3ndose a Carlos Mollinedo sinala que na Universidade de Navarra non se requiriu titulaci3n aos grupos I e II, a expensas de que despois cando academicamente a obtiveran, se funcionarizaran; opina que non se deben crear elementos que distorsionen e que a discusi3n sobre as equivalencias ter3a que ser logo da RPT laboral. Cre que haber3a que andar con tento para evitar que se persoen contra a funcionarizaci3n, ter coidado 3 hora de marcar as escalas, de cara as promoci3ns, e di que 3 distinto promocionar que concursar.

Ac3rdase facer a seguinte reuni3n o 13 de abril 3s 12:00 horas.

Sen m3is asuntos que tratar p3chase a reuni3n 3s 10:30 horas.

Four handwritten signatures in blue ink, arranged horizontally. The first signature is a large, stylized 'K'. The second signature is more complex and includes the name 'J. Mollinedo' written above it. The third signature is a long, sweeping stroke. The fourth signature is a large, bold, and somewhat abstract scribble.